21:45 **MANSFIELD 66/67** P. David Ebersole, Todd Hughes

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **ANDRÉS LEE I ESCRIBE** Daniel Peralta
19:15 **BORN IN FLAMES** Lizzie Borden
20:45 **MAMÁ GOGÓ** Friðrik Þór Friðriksson
22:30 **JOE HILL** Bo Widerberg

CINEMA NUMAX

- 18:30 **EL MAR NOS MIRA DE LEJOS** Manuel Muñoz Rivas
20:15 **ZAMA** Lucrecia Martel
22:30 **SANTA Y ANDRÉS** Carlos Lechuga

CGAC

- 17:00 **PRIVATE / DOMICILIO PRIVADO** Saverio Costanzo
18:45 **THE RED AND THE WHITE / OS ROXOS E OS BRANCOS** Miklós Jancsó
20:15 **STAMMHEIM / O PROCESO** Reinhard Hauff

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:00 **SHAKE HANDS WITH THE DEVIL / LUCES DE REBELDÍA** Michael Anderson
19:00 **TANIN NO KAO / A CARA DE OUTRO**
Hiroshi Teshigahara

Venres 24 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:15 **78/52** Alexandre O. Philippe
18:00 **MANSFIELD 66/67** P. David Ebersole, Todd Hughes
20:00 **L'ATELIER / O OBRADOIRO DE ESCRITURA** Laurent Cantet
22:00 **MARATÓN FANTASTIQUE**
ESCARABANA Sara Casasnovas
MOM AND DAD Brian Taylor
AS BOAS MANEIRAS Juliana Rojas, Marco Dutra
REVENGE Coralie Fargeat
LA MALDICIÓN DE LA LLORONA Rafael Baledón
LES AFFAMÉS / OS FAMENTOS Robin Aubert
LIBERAMI Federica di Giacomo
PELÍCULA SORPRESA MARATÓN
THE DAMNED THING Tobe Hooper
Lembranza de Tobe Hooper

SALÓN TEATRO


- 16:00 **ERASE AND FORGET** Andrea Luka Zimmerman
17:45 **A FÁBRICA DE NADA** Pedro Pinho
20:45 **BLUE MY MIND** Lisa Brühlmann
22:15 **CUATREROS** Albertina Carri
con presentación e coloquio coa súa directora
00:00 **MOTHER NIGHT** Keith Gordon

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **FOCO ALBERTE PAGÁN: presentación e coloquio**
NOITE DE RODOS Alberte Pagán
NYAUNGSHWE Alberte Pagán
PAGÁN Alberte Pagán

#CINEUROPA31

SANTIAGO DE COMPOSTELA
DO 7 AO 28 DE NOVEMBRO DE 2017



GONGORIIN BOMBANI HURAL Alberte Pagán

AL Alberte Pagán

BERBERA Alberte Pagán

LA TIERRA SANTA Alberte Pagán

TÉMENOS Alberte Pagán

- 19:00 **GRANDMA LO-FI / AVOA LO-FI** Orri Jónsson, Kristín Björk Kristjánsdóttir, Ingibjörg Birgisdóttir
- 20:15 **I SHOT ANDY WARHOL / EU DISPAREI A ANDY WARHOL** Mary Harron
- 22:15 **DIE BLEIERNE ZEIT / AS IRMÁS ALEMÁS** Margarethe von Trotta

SEDE AFUNDACIÓN

- 17:30 **ROSA LUXEMBURG** Margarethe von Trotta
- 19:30 **WALKER** Alex Cox

Sábado 25 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 12:00 **MI MUNDIAL** Carlos Andrés Morelli
- 16:30 **C'EST LA VIE!** Olivier Nakache, Eric Toledano
- 18:30 **JUSQU'À LA GARDE / CUSTODIA COMPARTIDA** Xavier Legrand
- 20:30 **A ESTACIÓN VIOLENTA** Anxos Fazáns
- 22:30 **POROROCA** Constantin Popescu

SALÓN TEATRO

- 16:00 **EMBER / KOR** Zeki Demirkubuz
- 18:00 **MARACAIBO** Miguel Ángel Rocca con presentación do seu director
- 19:45 **BAMUI HAEBYUNAESEO HONJA (ON THE BEACH AT NIGHT ALONE) / NA PRAIA, SOA DE NOITE** Hong Sang-soo
- 21:30 **L'INSULTE** Ziad Doueiri
- 23:15 **LES AFFAMÉS / OS FAMENTOS** Robin Aubert

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **MI MUNDIAL** Carlos Andrés Morelli
- 19:15 **GRANDMA LO-FI / AVOA LO-FI** Orri Jónsson, Kristín Björk Kristjánsdóttir, Ingibjörg Birgisdóttir
- 20:30 **HARLAN COUNTY U.S.A.** Barbara Kopple
- 22:30 **VONARSTRÆTI (LIFE IN A FISHBOWL) / A VIDA NUN ACUARIO** Baldvin Zophoniasson

SEDE AFUNDACIÓN

- 12:00 **MOTHER NIGHT** Keith Gordon
- 17:00 **CONFIRM OR DENY** Archie Mayo, Fritz Lang
- 18:15 **CZLOWIEK Z MARMURU / O HOME DE MÁRMORE** Andrzej Wajda

Domingo 26 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:00 **UN SAC DE BILLES / UNHA BOLSA DE BÓLAS** Christian Duguay (Atención: versión orixinal subtitulada)
- 18:00 **NELYUBOV (LOVELESS) / SEN AMOR** Andrei Zvyagintsev
- 20:15 **L'ATELIER / O OBRADOIRO DE ESCRITURA** Laurent Cantet
- 22:15 **MOM AND DAD** Brian Taylor

SALÓN TEATRO

- 12:00 **PROXECTO REMOLQUE** Cris Lores
- 16:30 **C'EST LA VIE!** Olivier Nakache, Eric Toledano
- 18:30 **LES FANTÔMES D'ISMAËL** Arnaud Desplechin
- 21:00 **REVENGE** Coralie Fargeat
- 23:00 **L'INSULTE** Ziad Doueiri

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **THE CELLULOID CLOSET / O CELULOIDE OCULTO** Robert Epstein, Jeffrey Friedman
- 19:30 **MARACAIBO** Miguel Ángel Rocca con presentación do seu director
- 21:45 **UN SUELO LEJANO** Gabriel Muro

CGAC

- 17:30 **CHE: EL ARGENTINO** Steven Soderbergh
- 19:45 **CHE: GUERRILLA** Steven Soderbergh

SEDE AFUNDACIÓN

- 12:00 **TOUT VA BIEN / TODO VAI BEN** Jean-Luc Godard, Jean-Pierre Gorin (Groupe Dziga Vertov)
- 17:00 **A WORLD APART / UN MUNDO Á PARTE** Chris Menges
- 19:00 **LA BALLATA DEL BOIA (EL VERDUGO)** Luis García Berlanga Versión en Italia de "El verdugo", con presentación


Lúns 27 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:30 **PENDULAR** Julia Murat
- 18:30 **LUCKY** John Carroll Lynch
- 20:00 **LES FANTÔMES D'ISMAËL** Arnaud Desplechin
- 22:15 **BAMUI HAEBYUNAESEO HONJA (ON THE BEACH AT NIGHT ALONE) / NA PRAIA, SOA DE NOITE** Hong Sang-soo

#CINEUROPA31

SANTIAGO DE COMPOSTELA
DO 7 AO 28 DE NOVEMBRO DE 2017



SALÓN TEATRO

- 16:00 **MADO** Claude Sautet
18:30 **LIBERAMI** Federica di Giacomo
20:15 **EN ATTENDANT LES HIRONDELLES /
THE NATURE OF TIME** Karim Moussaoui
22:15 **CUATREROS** Albertina Carri

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **FAVIO: CRÓNICA DE UN DIRECTOR**
Alejandro Venturini
19:45 **ROKK Í REYKJAVÍK / ROCK IN REYKJAVÍK**
Fridrik Thor Fridriksson
21:15 **LA CADUTA DEGLI DEI / A CAÍDA DOS DEUSES** Luchino Visconti

**ESTE PROGRAMA ESTÁ SOMETIDO
A POSIBLES CAMBIOS, PRÉGASE
CONSULTAR A CARTELEIRA DIARIA
compostelacapitalcultural.gal**

Facebook: /CompostelaCapitalCultural

Twitter: @CCultura

cineuropa.gal

Facebook: /cineuropa.gal

Twitter: @cineuropa_gal

Instagram: @cineuropa.gal

Telegram: [telegram.me/cineuropa](https://t.me/cineuropa)

Preguntas frecuentes: cineuropa.gal/faq

Martes 28 de novembro

TEATRO PRINCIPAL

- 16:15 **LIVE FROM DHAKA** Abdullah Mohammad Saad
18:00 **LUCKY** John Carroll Lynch
19:45 **BAMUI HAEBYUNAESHO HONJA (ON THE BEACH AT NIGHT ALONE) /
NA PRAIA, SOA DE NOITE** Hong Sang-soo
21:30 **LES FANTÔMES D'ISMAËL** Arnaud Desplechin

SALÓN TEATRO

- 16:15 **EMBER / KOR** Zeki Demirkubuz
18:15 **1945** Ferenc Török
20:00 **EN ATTENDANT LES HIRONDELLES /
THE NATURE OF TIME** Karim Moussaoui
22:00 **LUCKY** John Carroll Lynch

MULTICINES COMPOSTELA (SALA 2)

- 17:30 **CÉSAR ET ROSALIE** Claude Sautet
19:30 **ANGELS AND INSECTS / ANXOS E INSECTOS** Philip Haas
21:45 **CAZADORES DE UTOPIÁS** David Blaustein



PREMIO CINEUROPA 2017 A COSTA-GAVRAS

A disidencia e a vida

Creo que a fascinación que provoca o seguimento da obra de Costa-Gavras reside nesa capacidade que o seu cinema posúe para recolocar-se unha e outra vez na máis ardente disidencia. O *leit-motiv* do seu cinema é o do home fronte á opresión do sistema. E aí cabe a densidade heteroxénea dese corpus de imaxes e combates lendarios: a soidade do deputado Lambrakis mentres percorre a praza de Salónica antes de ser apuntillado polos inminentes golpistas gregos. Ou a do pequeno burgués norteamericano que loita contra muíños de vento insuflados pola CIA e por Pinochet, antes de caer na conta de que o seu soño apracible de votante republicano que confía no seu país dáse de bruços co chupadeiro de fillos da “doutrina Kissinger”, aquel pacifista do napalm. E en soidade percorre a terminal do aeroporto de Santiago, como un morto vivente encarnado por un Jack Lemmon en cuxo alcolismo e sabedoría Costa Gavras soubo que había un fráxil e maiúsculo actor trágico.

A obra de Costa-Gavras percorre a segunda metade do século XX e explícaa como un pulso antitotalitario: o de Artur London contra a ditadura stalinista en Praga. O da acción-reacción dos tupamaros no Uruguai que incubaba a Operación Cóndor mentres Dan Mitriane xogaba o estraño rol de mártir da CIA no rostro de Yves Montand. Sempre Montand, como Lambrakis ou London.

Aínda que Costa non cre que o cinema transforme o mundo, poucos filmes fixeron máis por poñer no disparador un réxime criminal que *Missing*: como nun efecto meta cinematográfico conseguiu que a sociedade despolitizada descubrixe que os seus instauraran e apoiaban no patio traseiro un xenocida. Nada foi igual para a imaxe daquel Chile no mundo despois de *Missing*, que se erixiu en insólita arma política de deflagración da denuncia que calou máis aló da pantalla.

Hollywood atraeuno pero non tanto se se pensou que con iso o domesticaba. Desde alí, lanzoulle durísimos *crochés* ao “soño americano”. Lanzoullos a unha democracia que arrolaba nas súas raíces o ovo da serpe supremacista desa historia de terror chamado *Betrayed*; que protexía os anciáneos con pasado nazi de crimes contra a humanidade; a democracia da sociedade do espectáculo, a *Mad City* que paga por ver a morte en directo ou por elixir a Trump.

Creo que o filme máis desafiante cara á política de aniquilación de Israel con Palestina filmado desde fóra dos territorios ocupados chámase *Hannah K*. Por algo segue sendo esa obra maldita e necesaria que Cineuropa acolleu en dúas ocasións. E había maneiras menos ofensivas de adaptar *El vicario* que as formas coas que Amén denuncia a complicidade de Pío XII cos nazis. Eu amo outro dos filmes menos difundidos de Costa, *La petite apocalypse*, onde voan as labazadas contra o que queda do progresismo de salón e o post-comunismo impotente.

Como obras visionarias, *Arcadia*, *Edén ao oeste* e *O capital* anuncian a tres dos xinetes de esta outra apocalipse que arrombou o noso mundo: a crise e o paro homicida, os refuxiados, a economía de casino e o seu derrube depredador.

Este é o mundo contado por un disidente de maiúscula lucidez. E, ao tempo, por un soberbio contador de historias. O seu cinema non é tese: é drama –case sempre– ou traxicomedia que nos emocionou e contribuíu a cambiar as mentes. Ou polo menos a tensionalas. Nada hai máis revolucionario que emocionar e tensionar sen deixarse levar nunca polo maniqueísmo. Todo isto debémollos a Costa-Gavras, un dos creadores –xa non do cinema, senón da arte xeral deste tempo– que mellor nos contaron como si se pode cabalgar o tigre: isto é, vadear medio século de axitación sen apear-se en ningunha estación de paso da preclara e reparadora disidencia.

José Luis Losa
Director de Cineurop



PREMIO CINEUROPA 2017 A MANUEL MARTÍN CUENCA

Non é bo que o home estea só

A obra filmica de Manuel Martín Cuenca –excluída a súa faceta documental, coa espléndida *El juego de Cuba*, e á espera de *The Miramar Murders*, que segue ao preso español acusado de homicidio en USA Pablo Ibar, e que podería entroncar coa cosmogonía das súas ficcións– posúe un ADN común: o do home deshabitado, o que non metabolizou a súa soidade ou ben se acha roída por esta, a cal non é quizais máis que a consecuencia dunha ferida previa e fondísima. Este *leit-motiv* dramático artículase polo menos en catro das longas de ficción de Martín Cuenca (*La flaqueza del bolchevique*, *La mitad de Óscar*, *Canibal* e *El autor*) e tamén alimenta, quizais dun modo menos definido como unha enfermidade somatizada as *short cuts* de *Malas temporadas*.

Non é bo que o home estea só. Pero nada máis lonxe do punto de vista de Martín Cuenca que unha natureza de xuízo moral por non falar xa da cita –evidentemente irónica– da Xénese. Entre outras cousas, porque o Facedor atopaba unha utilitarista solución a esa soidade: a ideación da parella. E o illamento, o autismo emocional das personaxes do cinema de Martín Cuenca é un canellón sen saída ou, cando menos, un camiño asfaltado nunha soa e bastante fea dirección. Unha incomunicación que atopa ecos en Bresson (esa ausencia absoluta de música en *La mitad de Óscar*, fermentación mesmerizante da soidade de quen cortou, como única opción de supervivencia todas as pontes co pasado, ese gardián nunhas salinas de Almería ao que visita a irmá da alma, a paixón prohibida nunca cauterizada. E esa planificación da longa viaxe cara á noite sen teito nin lei. *La mitad de Óscar*: velaquí un dos máis sanguentos casos de título que pide urxente revisitación para situala no seu lugar xusto, entre o cinema español capital da última década.

A soidade como diagnóstico de que algo falla moi dentro: no progresivamente demolido Luís Tosar, quen non sabe que un banal accidente de automóbil é só a porta do exceso cara a ese palacio da sabedoría do que falaba Blake. E que pode ser o territorio da perda de cordura sobre o cal Nabokov asentou a febril paixón menoreira. A fraqueza desta sorte de Humbert Humbert atrapado por unha Lolita menos barroca que o orixinal pero non menos digna de provocar que o seu nome se deletree en palatais ante a irrupción de María Valverde, á que Martín Cuenca presentou ante o mundo.

O ritual polo cal en *Canibal* o xastre impecable dunha Granada de integrismo e señoritismo de España Negra purifica a súa comunión imposible cos outros: o da carne das mulleres ás que asasina. A insania da incapacidade para a relación cos demais levada ao seu extremo, no máis intratable dos tabús. En Toronto e noutros tantos festivais internacionais entenderon a medida radical da proposta. En España, a crítica casposa de canino retorto quixo simplificala como cinema de xénero ou algo así. Peor para eles porque o tempo non fixo senón resituarse a *Canibal* como arquitrabe da filmografía de Martín Cuenca: ese friso sobre o home que padece o seu trauma maiúsculo, a súa estrangulación por illamento. E o regurxita en fuxidas cara a adiante con mantel branco e antropofáxico. E enmarcadas entre o fru-fru das sotanas.

En *El autor*, Premio da Crítica en Toronto hai unhas semanas, percorremos outro “camiño de perfección” do agonista de Martín Cuenca. Un membro da *ordinary people*, un gris oficinista dunha notaría ancorada nos fuscos tempos das viñetas de Ibáñez, que só atopa un sentido para a súa existencia: ser un escritor de verdade, un novelista serio, non un bosquexador de *blockbusters*. E Javier Gutiérrez pasa a ser un non pouco polanskiano “quimérico inquieto”, na súa incardinación como maquiavélico *deus ex machina* na contorna dunha veciñanza con ribetes de España cañí. Inevitable non atopar os lazos de parentesco coa Delphine de Vigan sobre a cal de novo Polanski vén de adaptar *Baseada en feitos reais*. Gutiérrez non se relaciona coa caseira de sexualidade avivada no climaterio nin co militar retirado e pistolón co que xoga ao xadrez. A súa única comunicación posible é con esa mesa onde carga os seus xenitais e a súa imperiosa fame de escritura. A súa terapia para estancar a ferida da soidade asfixiante. Equiparable á do canibal impoluto, á do menoreiro lúbrico, á do náufrago das salinas de Almería tallado pola prohibida paixón. Isto é, o tormento e a éxtase segundo o cineúrigo Martín Cuenca.

José Luis Losa

Director de Cineuropa



PREMIO CINEUROPA 2017 A LEONARDO SBARAGLIA

Na cidade sen límites

Hai unha película que Leonardo Sbaraglia protagonizou ao pouco de iniciar a súa carreira en España. Trátase de *En la ciudad sin límites*, de Antonio Hernández, unha peza soberbia necesitada de revisión e na cal se producía un deses momentos de telúrica interacción entre dous actores de xeracións distantes: alí asistiamos ao encontro de Fernando Fernán Gómez –no que sería o último gran papel da súa carreira– co seu neto nesa ficción, Sbaraglia. O ancián sentíase vítima dunha conspiración familiar e unicamente confiaba naquel mozo ao que confería a importancia de gardián do segredo da memoria histórica e sentimental. Era tal a alquimia que se respiraba entre un e outro nese drama maxistral, que sempre pensei que algo debeu haber de depósito de confianza por parte daquel Fernán Gómez crepuscular e xigantesco no actor arxentino, que un ano antes chegara a España con Goya á primeira por *Intacto*, na cal, por certo, coincidiu con outro xamán do seu oficio, Max Von Sydow.

Supoño que para Sbaraglia, que se adiviña como actor-esponxa, disposto a reinventarse en cada personaxe e a mostrar algo de si mesmo en todos eles, ese cruzamento de camiños con Fernán Gómez foi unha experiencia tan intensa como a pantalla reflicte. A pantalla como cidade sen límites. Aí creceu Leonardo Sbaraglia desde que –anos despois da estrea da película en que debutou; ou sexa, cando xa era Sbaraglia– recoñecémolo como un dos rapaciños torturados na, por tantas razóns, importante *La noche de los lápices*, do veterano Héctor Olivera. Ou a pantalla dos grandes horizontes que Marcelo Piñeyro, tan importante no seu desenvolvemento como actor, lle ofrendou en *Caballos salvajes*, road-movie anarcoide onde tivo *tour de force* con outro sabio de volta de todas as batallas, Héctor Alterio.

Neses horizontes cabía a Patagonia de *La puta y la ballena*, o Montevideo noir de Plata quemada, a crebada do díaño de El rey de la montaña, os oclusivos *cul de sac* de psicodramas familiares de *Cenizas del paraíso* ou *Las viúdas de los jueves*. A lost *highway* desértica do seu *sketch* en *Relatos Salvajes* ou o excursio a Hollywood, con De Niro e Sigourney Weaver, de *Red Light*.

Non sei se todo ese camiño foi un fecundo remonte para chegar a *El otro hermano*. Pero do que non nos cabe dúbida é de que hai que ter traballado duro e profundado moito dentro de un mesmo para compoñer este personaxe de *psycho-killer* da Arxentina profunda, unha Matanza do Chaco onde o sempre poderoso Adrián Caetano deposita en Sbaraglia unha responsabilidade titánica: a de compoñer un personaxe no fio –pola súa caracterización física, a súa dicción, a súa alma escura– deses que ou te consagran ou te mancan. Toda a negrura da excepcional *El otro hermano* respira a través da prodixiosa e indeleble composición de Sbaraglia, que xa asombrou no Festival de Málaga a un xurado internacional e que nos devolve a un non sei se amado monstro na admirable exposición de actor que nos mira desde o fondo do abismo, nun exercicio de risco máximo que se salda con esta fragua dun personaxe para o recordo. Co que o tempo –os 30 anos de profesión–, o autoconecemento desenvolvido nesa pantalla sen límites e o cruzamento con varios xefes da tribo –o máis recente, o tristemente desaparecido Federico Luppi–, Sbaraglia alcanzou unha madurez á vez serena e impúdica. Toca agora que ese talento puído desmouche novos camiños para celebrar no curso do tempo. Para que outros aprendan de quen está xa en condicións de legar sabedoría de barrica.

José Luis Losa

Director de Cineuropa



PREMIO CINEUROPA 2017 A CARLA SIMÓN

Non chegaba aos trinta anos cando comezou a rodar a súa primeira longametraxe *Estiu 1993*, que a comezos deste ano presentou en Berlín, desde a insurxente sección Generation Plus, recollendo desde esa esquina afastada do foco central da Berlinale o premio á mellor ópera prima e os eloxios do público e a crítica. Desde entón non parou. Poucas veces unha película xera tan abafador consenso como a de Carla. Simón sabe filmar. E filma o que coñece ben, a súa contorna máis próxima, os recordos que a acompañaron toda a vida, o duelo vivido desde a infancia, a natureza salvaxe que a acolleu tras a morte dos seus pais. Constrúe un delicado relato de iniciación onde non caben os golpes baixos nin o *pathos*. Observa a infancia desde a súa propia perspectiva, que conecta directamente a partir dunha sinxeleza só aparente, cos sentimentos e recordos do espectador. Frida, a heroína do filme, un alter ego da propia directora, vese obrigada a marchar de Barcelona para unha casa no campo, a partir de aí, o relato vaise debuxando sen recurso a escenas explicativas. Ao tempo, a heroína nin o sabe nin o entende todo; vémosla observando, intentando adiviñar o que ocultan os adultos, aguzando o oído e comprendendo con toda naturalidade o que lle van explicando, sen poder procesar a pena, porque os seis anos é unha idade na que aínda custa artellar os sentimentos.

Ao comezo da película un neno pregúntalle a Frida cando está a piques de deixar a súa casa para ir ao campo cos seus novos pais adoptivos: “E ti, por que non choras?” Ese interrogante instálase na nena que non sabe case nada e cre descubrir que pode comunicarse coa súa nai a través da figura dunha virxe que atopa no medio do bosque. Este retrato da inocencia, tan cargado de amargura, é mostrado con tal naturalidade que podemos case sentir á vez que o fai Frida. E que alivio, porque Frida é unha nena moi lista, e o seu sufrimento, a súa infancia entristecida pola orfandade, en realidade non é tan triste. Se acaso, agrídoce. Simón filma a beleza que está dada por esa contorna, por esas dúas nenas e pola relación que vai construíndo Frida coa súa nova familia. É unha película que fala do amor acuñado na perda. E Simón sabe do que está a falar.

Para Cineuropa, entregar este premio a unha realizadora tan nova non é un acto de fe, senón de reafirmación. Reafirmación no cinema e no futuro do cinema. Carla representa unha xeración de cineastas que non só posúen unha sólida formación cinematográfica —ávidos espectadores primeiro—, senón que ademais teñen historias que contar, historias que conectan como esta co público dun xeito telúrico.

Carla Simón ten trinta e un anos e unha delicada e aguda mirada sobre o mundo. Non temos dúbidas de que posúe o segredo da alquimia para deixar unha pegada moi fonda no cinema do futuro

Alejandra Trelles

Coordinadora de programación de Cineuropa

#CINEUROPA31

SANTIAGO DE COMPOSTELA
DO 7 AO 28 DE NOVEMBRO DE 2017



PREZO ENTRADAS

4 euros

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

PANORAMA INTERNACIONAL

LATIDOAMERICANO

FANTASTIQUE COMPOSTELA

DOCS CINEUROPA

FOCO ISLANDIA

Entrada libre até completar aforo:

RETROSPECTIVA PEDRO PINHO *

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

CINEUROPA MIÚDA

NOVECENTO: O SÉCULO DAS REVOLUCIÓNS

10 SOMBRAS RECOBRADAS

RECORDOS

CINEFILIA: CULT MOVIES

REDESCUBRIR A CLAUDE SAUTET

* Agás A fábrica de nada, que forma parte da Sección Oficial Europea

Entrada de balde previa retirada de invitación:

- La villa (Dir. Robert Guédiguian). Proxección inaugural

- El autor (Dir. Manuel Martín Cuenca). Proxección do Premio Cineuropa a Manuel Martín Cuenca

- El otro hermano (Dir. Israel Adrián Caetano). Proxección do Premio Cineuropa a Leonardo Sbaraglia

- Edén À L'Ouest (Dir. Costa-Gavras). Proxección do Premio Cineuropa a Costa-Gavras

- Llacunes (Dir. Carla Simón) e Estiu 1993 (Dir. Carla Simón). Proxeccións do Premio Cineuropa a Carla Simón.

Bono 10 películas + catálogo: 30 euros

Catálogo: 2 euros

Maratón Cineuropa: 6 euros

Concerto da Real Filharmonía de Galicia coas proxeccións de Carmen (Dir. Cecil B. DeMille) e A Burlesque on Carmen (Dir. Charles Chaplin): 12 euros (descontos habituais do 50%)

Proxección de Sami Blood (Dir. Amanda Kernell), un dos tres filmes finalistas dos Premios LUX en NÚMAX. O pase contará con presentación e coloquio en streaming coa equipa do filme (a directora Amanda Kernell, a actriz Lene Cecilia Sparrok e o produtor Lars G. Lindström) e a posibilidade de interactuar a posteriori nun debate vía twitter. Acceso de balde previa inscrición en comunicacion@numax.org

VENDA ANTICIPADA

- entradas.abanca.com / 902 434 443

- Despacho de billetes do Teatro Principal:

de 15.30 a 22.00 h (para as proxeccións do Teatro Principal, Salón Teatro, Multicines Compostela e NUMAX)

- Despacho de billetes dos Multicines Compostela:

de 16.40 a 22.00 h (para as proxeccións dos Multicines Compostela)

- Despacho de billetes de NUMAX:

de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 22.00 h (para as proxeccións de NUMAX)

VENDA INMEDIATA

Ata 5 minutos antes do inicio de cada sesión no Teatro Principal e nos despachos de billetes das respectivas sedes.